

FRANCISCO VALES VILLAMARIN

("Curriculum vitae")

Nascéu na cidade de Betanzos o 7 de maio do 1891. Rexentou a sección de nenos do grupo escolar "Teniente Médico Sal-Lence", da Cruña, no bairro dos Castros. Obtivo, por oposición, o título de Mestre de Primeira Ensinanza que foi expedido coa nota de SOBRESALENTE. Por oposición tamén, alcanzou, no grao elemental, o PREMIO EXTRAORDINARIO. Fóronlle outorgadas MATRICULAS DE HONOR en todos os cursos da carreira do Maxisterio. O claustro da Escola Normal de Mestres de Santiago concedéulle PREMIO EXTRAORDINARIO por unha Memoria encol de excursións escolares. Acadou a calificación de SOBRESALENTE nos tres exercicios de reválida do grao elemental e nos cinco de reválida do superior. Fundou e dirixiu en Compostela unha revista pedagóxica. Ingresou na ensinanza oficial por oposición libre, ocupando o primeiro lugar na lista de méritos. Por R. O. de 13 de febreiro do 1922 foi pensionado para asistir a un curso de ampliación e aperfeizoamento, que se celebró en Madrid en marzo do devandito ano. Fundou no 1917 a "Irmandade da Fala" de Betanzos, entidade que presidiu durante algún tempo. Foi director das Colonias Escolares Cruñesas, criadas polo Muséu Pedagóxico Nacional. Outorgóuselle a flor natural nos Xogos Florais celebrados en Lugo o ano 1923. Foi igualmente galardoado nun certamen literario organizado pola revista madrileña "Boletín Escolar". Iniciou e fundou o Muséu Pedagóxico Rexional establecido na Cruña e autorizado por R. O. de 8 de outubro do 1926, desempeñando na mencionada institución os cargos de secretario

e bibliotecario. Realizou diversas investigacións históricas nos Arquivos Nacionais de Valladolid e Simancas, pensionado pola Diputación Provincial da Cruña e o Concello de Betanzos. Foi vogal da Sección Provincial de Selección e Protección para Ensinanza Superior e Media, designado polo director xeral de Ensinanza Superior e Media. Foi redactor do diario "Gaceta de Galicia", de Santiago, e de varios semanarios brigantinos.




Vales Villamarín de neno


Comisionado pola Diputación cruñesa, estudou en Asturias a organización das bibliotecas populares. Foi director do "Anuario Brigantino", revista de Historia, Belas Artes e Etnografía; é secretario perpetuo da Real Academia Galega; vogal da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos; cronista oficial da cidade de Betanzos; membro do Patronato do Muséu Provincial de Belas Artes;

numerario da Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, da Cruña; vogal do Patronato da Casa da Cultura da mesma localidade; membro de honra de "The International Research Institute", dos Estados Unidos de América; individuo de número do Instituto "José Cornide" de Estudos Cruñeses; apoderado do Servicio de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional en Betanzos e o seu partido xudicial; membro de número do Instituto de Estudos do Sur de España, e correspondente da Real Academia da Historia, de Madrid; da "Sociedade Martins Sarmiento", de Guimarães (Portugal); da Academia de Xenealoxía e Heráldica "Mota Padilla", de México; do "Istituto Internazionale per lo Studio e lo Sviluppo delle Relazioni Umane", de Italia; da Real Academia Hispano-Americana, de Cádiz; do Centro de Historia do Estado Falcón, de Venezuela, e da Academia de San Romualdo de Ciencias, Letras e Artes, de San Fernando (Cádiz). A proposta do Consello Provincial de Educación Nacional, concedéuselle a encomanda da Orden de Alfonso X o Sabio e está en posesión da Medalla de Prata da cidade de Betanzos, da do Mérito no Traballo, outorgada polo Goberno español e da do Mérito Cultural, concedida polo Concello da Cruña, corporación que lle adicou, igualmente, unha rúa da capital. Foi secretario particular da eximia escritora Emilia Pardo Bazán. E PREMIO VITALICIO da Fundación "Pedro Barrié de la Maza". O Concello de Betanzos, en sesión celebrada o 25 de marzo do 1980, acordou nomealo FILLO PREDILECTO da cidade. Finou na mesma vila que o veu nacer o día 25 de Agosto do 1982.

-Mi Silueta. ~



Debuxo feito por D. Francisco Vales en Betanzos no ano 1908





Betanzos - Xosé Antón - 82

Na procura das cruces antefixas. Hominaxe a D. Pazo Vales